

Ramiro Rodríguez Suárez, Portavoz do Grupo Municipal do BNG (Bloque Nacionalista Galego) no Concello de Xinzo da Limia,

EXPÓN

Recentemente vimos de coñecer polos medios de comunicación a intención do Concello de executar un proxecto de arranxo da Avenida de Celanova que implicaría a eliminación das árbores alí existentes.

Tendo en conta que dende o BNG de Xinzo entendemos que se debe apostar polo mantemento e potenciación dos espazos verdes así como de todas as árbores existentes na vila, especialmente aquelas coas que levamos convivindo máis anos e que acadaron polo tanto un porte excepcional ou forman xa parte insubstituíbel da paisaxe urbana das rúas nas que se asentán.

Tendo en conta que consideramos que deben existir alternativas para solucionar e minimizar os posibles inconvenientes que estas árbores poidan ocasionar e que a súa eliminación debe ser unha medida extrema, excepcional e a descartar de entrada a non ser que estea suficientemente motivada.

Por todo isto,

SOLICITA

Que se **convoque, á maior brevidade posíbel, unha reunión extraordinaria da Comisión informativa de Obras, Urbanismo e Infraestructuras** coa presenza dos técnicos do Concello para explicar e analizar o proxecto de arranxo da Avenida de Celanova.

En Xinzo da Limia, a 27 de marzo de 2017

Asdo.: Ramiro Rodríguez Suárez

ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XINZO DA LIMIA